

AXENDA 21 LOCAL DE REDONDELA



DOCUMENTO VI

PLAN DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ



ÍNDICE

1	AXENDA 21 LOCAL EN REDONDELA.....	1
2	A IMPORTANCIA DA PARTICIPACIÓN CIDADÁ NA AXENDA 21.....	7
3	A CIDADANÍA COMO MOTOR DO DESENVOLVEMENTO SOSTÍBEL.....	9
	3.1 Xustificación.....	9
	3.2 Proxectos correspondentes.....	11
4	A COLABORACIÓN DA CIDADANÍA PARA REDUCIR O IMPACTO AMBIENTAL.....	14
	4.1 Xustificación.....	14
	4.2 Proxectos correspondentes.....	15
5	UNHA SOCIEDADE MÁIS FORTE A TRAVÉS DUNHA SOCIEDADE MÁIS PARTICIPATIVA	22
	5.1 Xustificación.....	22
	5.2 Proxectos correspondentes.....	24



1 AXENDA 21 LOCAL EN REDONDELA

1.1. Axenda 21 e o desenvolvemento sostíbel

A Axenda 21 é un plan de acción das Nacións Unidas para un desenvolvemento sustentábel no século XXI, aprobado por 173 gobernos na Conferencia sobre Medio Ambiente e Desenvolvemento que tivo lugar no Río de Xaneiro en 1992.

A Axenda Local 21 é un proceso que van implantar e desenvolver as entidades locais e que se basea na integración das políticas ambientais, económicas e sociais do concello a través da elaboración e aplicación dun plan de acción local.

Sumarse a esta iniciativa supón, xa que logo, o compromiso municipal de estimular o desenvolvemento de medidas encamiñadas a facer compatíbeis a conservación do medio co desenvolvemento social e económico do propio concello. Supón ademais facelo dun xeito estruturado e planificado, o que implica unha actuación transversal coa participación da totalidade das áreas da Administración local.

A Axenda 21 Local é un proceso aberto e creativo que cada concello define baseándose na súa realidade e condicionamentos.

A Carta de Aalborg

A carta das cidades europeas cara á sustentabilidade (Carta de Aalborg) foi asinada por 80 autoridades locais tras a clausura da Conferencia Europea sobre Cidades e Poboacións Sustentábeis, que tivo lugar en Aalborg (Dinamarca) entre o 24 e 27 de maio de 1994.



Mediante a sinatura do compromiso de adhesión á Carta de Aalborg (acordo plenario do 15 de marzo de 2004) o Concello de Redondela realiza unha declaración de intencións e de compromiso coa Axenda 21 Local e outros procesos de bosquejo para o desenvolvemento sustentábel e adhírese á Campaña Europea de Cidades e Vilas Sustentábeis.

Na conferencia de Aalborg estableceéronse as bases para fixar os principais requisitos da sustentabilidade para as cidades e vilas europeas. A Axenda 21 debe recoller estes requisitos e traducilos en plans e accións concretos.

Os principios fundamentais que deben inspirar a Axenda 21 son:

- Integración dos obxectivos de desenvolvemento sustentábel na Administración local, as súas políticas e actividades de xestión.
- Sensibilización e educación en temas ambientais e en desenvolvemento sustentábel.
- Acceso público á información ambiental.
- Participación e consultas públicas.
- Colaboración con empresas, ONG, cidades irmás, etc.
- Medición, seguimento e presentación de informes sobre os avances cara á sustentabilidade.

Obxectivos da Axenda 21

A Axenda 21 ten como finalidade os seguintes obxectivos:

- O uso eficiente dos recursos e a minimización da xeración de residuos, así como a redución da contaminación e a garantía de calidade no medio (auga, atmosfera e solo).
- Manter a diversidade ecolóxica.



- Minimizar o consumo de recursos non renovábeis e substituílos cando se poida por recursos renovábeis.
- Na medida do posíbel, os problemas que xorden no ámbito local cómpre resolvelos no mesmo ámbito.
- Garantir o acceso a un traballo digno e a unha economía diversificada e non agresiva co medio.
- Promover a igualdade e a xustiza social e que todos teñan acceso á cultura, ao lecer e á recreación.
- Traballar por un medio limpo, seguro e agradábel e por mellorar o contorno no medio urbano.
- Fomentar a sensibilización, educación e participación dos axentes sociais en temas de ambiente e desenvolvemento sustentábel.

A pesar de que a elaboración da Axenda 21 Local é un proceso aberto e creativo, as diferenzas entre as fases que se establecen no proceso para cada axenda son máis ben cativas. As semellanzas son aínda maiores entre as axendas iniciadas en Galicia onde se adoita seguir a xa clásica estrutura de catro fases; a mesma que se desenvolveu para realizar a de Redondela:

1.2 As fases da Axenda 21

1.2.1 Auditoría

Constitúe a primeira fase do proceso de implantación da Axenda 21 e consiste na descrición da situación económica, social e ambiental do concello. Conta coa participación cidadá, xa que se utilizan diversas metodoloxías sociolóxicas para valorar a percepción que os cidadáns, tanto a título individual como asociados en colectivos representativos, teñen da situación do seu concello.

A auditoría consta de:



- Unha **prediagnose**, que consiste na realización de enquisas, reunións, entrevistas, etc. á poboación co fin de coñecer a percepción da sociedade redondelá sobre a situación ambiental, social e económica do seu concello ao tempo que se motiva na participación.
- Unha **diagnose**, que consiste nun traballo de recompilación e análise de información obxectiva e datos oficiais.
- Un **documento de síntese**, que consiste nun resumo da información recollida para poder sacar conclusións sobre o estado real do concello (puntos fortes e febles, oportunidades, ameazas, problemas urxentes, etc.).

Deste xeito contarase con información para propor na seguinte fase os obxectivos que se deberán cumprir para acadar un desenvolvemento sustentábel, así como para coñecer a gravidade dos problemas, o que axudará tamén nas fases posteriores á priorización da consecución de obxectivos.

A auditoría de Redondela foi realizada entre setembro de 2004 e xullo de 2005.

1.2.2 Plan de Participación

A participación cidadá é un elemento fundamental para o desenvolvemento da Axenda 21. A implicación dos diferentes sectores fornecerá a información e perspectivas precisas para garantir ao máximo potenciais actuacións no marco da Axenda 21 e axudará á concienciación progresiva dos diferentes axentes socioeconómicos, estruturais e ambientais, na medida en que se configuran como partícipes do obxectivo común.

O valor da participación cidadá na Axenda 21 reflíctese nos seguintes aspectos:



-
- Incorporación da opinión do cidadán na elaboración da auditoría municipal.
 - Implicación do público na definición do futuro do concello.
 - Motivación para a execución das propostas de actuación concretas e o posterior seguimento e control dos resultados obtidos.

1.2.3 Plan de Acción

O Plan de acción local establécese a partir das conclusións e recomendacións presentadas nos documentos anteriores (prediagnose e diagnose).

É unha ferramenta que nos permite executar, dunha maneira coherente e sustentábel, as actuacións dirixidas á mellora do medio.

O Plan de acción local componse dos seguintes elementos:

- As liñas estratéxicas que son os grandes eixos previsíbeis para a mellora local e a progresión cara a un modelo de desenvolvemento sustentábel. Deben reflectir a política social, económica e ambiental que rexe a entidade local.
- Un programa de actuación que responda a cada un dos diversos obxectivos que pretende acadar cada liña estratéxica, ademais, agrupa distintas accións cun denominador común.
- Os proxectos, que son aqueles traballos e actuacións concretas que se poden realizar para resolver as carencias e incidencias visualizadas durante a elaboración da auditoría.

Unha vez que estean consensuadas e priorizadas as liñas estratéxicas que rexerán o Plan de acción é preciso crear grupos de traballo arredor de cada unha destas liñas. Estes órganos, en principio, van ser as comisións temáticas; aínda que en función do grao de participación poderase crear un Consello da Axenda 21 no que estean representados todos os colectivos do concello.



Executado o Plan de acción local, o Concello de Redondela elaborará un documento no que se recollan os resultados obtidos e as actuacións máis relevantes. A súa finalidade principal é informar a poboación en xeral e a outras administracións. Este documento denomínase: declaración ambiental.

1.2.4 Plan de seguimento

O Plan de seguimento permite avaliar, controlar e informar da evolución da calidade dos factores ambientais, sociais e económicos e das actuacións que se están a levar a cabo para mellorar o concello. Para isto elaboraranse unha serie de indicadores e creárase un órgano encargado do seguimento do Plan de acción (que poderá ser o mencionado Consello da Axenda 21 ou cada unha das comisións temáticas).

Ademais, o feito de que a Axenda 21 sexa un proxecto permanente permitirá utilizar os resultados obtidos na avaliación do Plan de Acción Local (gra de execución dos proxectos e de cumprimento dos obxectivos) como base para a elaboración de novos programas de actuación e proxectos, sempre contando coa participación cidadá como elemento fundamental do proceso.



2 A IMPORTANCIA DA PARTICIPACIÓN CIDADÁ NA AXENDA 21

O enfoque en participación cidadá, de pór a poboación local como motor do proceso, é fundamental para Axenda 21 Local, e é o que a diferencia doutras estratexias ou proxectos ambientais. É esencial a dous niveis:

- (a) É parte do *método* de como conseguir que a nosa sociedade teña un impacto sostíbel, e que os obxectivos ambientais se cumpran. Cada persoa causa o seu impacto, e só lograremos unha sociedade sostíbel cando todos e todas adaptemos as formas en que vivimos dun xeito adecuado.
- (b) É un *fin* en si: unha sociedade na que todos nos sentimos incluídos e capaces de influír o futuro é unha sociedade máis xusta que permite unha mellor calidade de vida para todos, e máis capaz de asumir responsabilidade para o seu futuro.

A un ou outro destes niveis, a participación cidadá penetra en cada unha das liñas estratéxicas e programas de acción, e na gran maioría dos proxectos. Nesta sección fanse referencia a todas as áreas e todos os proxectos de Axenda 21 en que a participación é un obxectivo, pero os proxectos son os mesmos que no Plan de Acción.

Esencialmente, hai tres áreas de participación cidadá na Axenda 21, que corresponden a tres diferentes razóns:

1. A cidadanía como motor do desenvolvemento sostíbel
2. A colaboración da cidadanía para reducir o impacto ambiental
3. Unha sociedade máis forte a través dunha sociedade máis participativa



A continuación analízanse cada unha destas áreas por separado, e faise referencia aos proxectos do Plan de acción correspondentes.



3 A CIDADANÍA COMO MOTOR DO DESENVOLVEMENTO SOSTÍBEL

3.1 Xustificación

Entre outras cousas, a Axenda 21 é un proxecto de promoción da democracia, de fomento para que cada cidadá diga o que é importante para o futuro e asuma o seu papel para realizalo. As Axendas 21 locais que mellor cumpren cos seus retos non son nas que os políticos identifican a problemática e as solucións, e a cidadanía obedece; son nas que a cidadanía mesma identifica a problemática e as solucións.

En Redondela isto xa comezou, a través dunha variedade de actividades consultivas que formaron a base da prediagnose. Así 630 persoas participaron activamente na identificación dos puntos fortes e febles, e as ameazas e oportunidades cara ao futuro para o concello de Redondela, e as súas opinións influíron significativamente na identificación de prioridades para o Plan de acción.

O papel da cidadanía en identificar prioridades non debe ficar aí. Axenda 21 é un proceso, non un proxecto, e o Plan de seguimento está deseñado para asegurar que a avaliación da sustentabilidade do concello non sexa algo que se faga só unha vez, senón que sexa un proceso continuo que permita a identificación de novas prioridades e a continuada relevancia das accións tomadas. Igual de importante é que a cidadanía teña o mesmo papel (ou máis) nesa continua identificación de prioridades no futuro, que tivo no momento de facer a prediagnose en 2005.

Por razóns de recursos e de tempo, a participación cidadá na elaboración do Plan de acción foi mínimo. A cidadanía identificou os problemas e as



prioridades, mais non as solucións. Polo tanto, é máis importante aínda retomar a iniciativa e crear novos canais para a participación na identificación de prioridades e na xestión da Axenda 21.

A continuación descríbense os proxectos do Plan de acción que promoven a cidadanía como motor do desenvolvemento sostíbel.



3.2 Proxectos correspondentes

Liña 1 Unha Redondela máis democrática e inclusiva

Liña	Unha Redondela máis democrática e inclusiva
Programa	1.1 Fomentar unha cultura de colaboración
Proxecto	1.1.1 Crear o Consello da Axenda 21
Sector da cidadanía ao que vai dirixido	Representantes de diferentes asociacións e sectores
Forma de participar	Representar o sector voluntario na coordinación da Axenda 21 en Redondela, avaliando progreso, os proxectos e as prioridades para o futuro en colaboración co resto do Consello
Forma de promoción	O número de representantes decidido polo Concello de Redondela, e convocados por invitación

Liña	Unha Redondela máis democrática e inclusiva
Programa	1.1 Fomentar unha cultura de colaboración
Proxecto	1.1.2 Programa de Formación en desenvolvemento sustentábel e Axenda 21
Sector da cidadanía ao que vai dirixido	Empresarios
Forma de participar	Asistencia a seminarios e obradoiros
Forma de promoción	Contacto directo a través da asociación de empresarios e a Cámara de Comercio

Liña	Unha Redondela máis democrática e inclusiva
Programa	1.1 Fomentar unha cultura de colaboración
Proxecto	1.1.1 Comunicación sobre a Axenda 21
Sector da cidadanía ao que vai dirixido	Todos
Forma de participar	Máis que participación activa é para dar a coñecer o que está a pasar no concello, amosando transparencia e promovendo as oportunidades para participar noutros proxectos
Forma de promoción	Prensa, páxina web, taboleiro de noticias, informe anual

Liña	Unha Redondela máis democrática e inclusiva
Programa	1.2 Un Concello que escoita máis á cidadanía
Proxecto	1.2.1 Crear o 'Concello da Mocidade' en colaboración cos institutos
Sector da cidadanía ao que vai dirixido	Alumnos e alumnas de educación secundaria
Forma de participar	Achegar ideas e debater temas relacionados con Redondela



	e o desenvolvemento sostíbel, e presentarlles conclusións e suxestións ao Concello e ao Consello da Axenda 21
Forma de promoción	A través dos institutos

Liña	Unha Redondela máis democrática e inclusiva
Programa	1.2 Un Concello que escoita máis á cidadanía
Proxecto	1.2.2 Continuar o programa de actividades consultivas sobre a Axenda 21
Sector da cidadanía ao que vai dirixido	Todos, e sobre todo aos que tradicionalmente participan menos e aos que se consideren como prioritarios para debater un tema en concreto
Forma de participar	Achegar ideas e debater temas relacionados con Redondela e o desenvolvemento sostíbel en actividades especiais
Forma de promoción	Para actividades abertas, a través da prensa e a publicidade local Para actividades pechadas, por contacto directo co grupo



Liña 3 Urbanismo sostíbel

Liña	Urbanismo sostíbel
Programa	3.2 Xestión de urbanismo
Proxecto	3.2.2 Crear mecanismos de seguimento do PXOM e de consulta e comunicación en temas de urbanísticos
Sector da cidadanía ao que vai dirixido	Representantes de grupos e asociacións municipais no foro Veciños en actividades relacionadas con proxectos de urbanismo
Forma de participar	Representantes, como membros do foro convocados cada 3 meses Veciños e outros, en actividades consultivas cando xurdan
Forma de promoción	Para representantes no foro, convocados por invitación En actividades consultivas, a través de publicidade na prensa local



4 A COLABORACIÓN DA CIDADANÍA PARA REDUCIR O IMPACTO AMBIENTAL

4.1 Xustificación

Fundamental para o concepto da Axenda 21 local é o recoñecemento de que a degradación ambiental no mundo, e o momento de crise no que nos atopamos no século XXI, e o resultado dun estilo de vida insustentábel dos cidadáns dos países máis desenvolvidos. O progreso económico en Galiza das últimas décadas vaina colocando entre eses países máis desenvolvidos, e proporcionalle á maioría dos cidadáns un poder adquisitivo moi superior aos niveis coñecidos ata agora. Como consecuencia a “pegada ecolóxica” de cada cidadá tamén é moi superior á de, por exemplo, hai 50 anos.

A política da Administración, sexa a nivel local, rexional ou estatal, inflúe en como vivimos e como consecuencia o noso impacto ambiental. Non obstante, un factor moi relevante á promoción do desenvolvemento sostíbel é que ese poder parece cada vez máis reducido dado que o aumento no poder adquisitivo tamén permite a cada cidadá escoller o seu estilo de vida máis que nunca. A Administración e o goberno poden crear as estruturas para a sustentabilidade, mais a cidadanía, se quere, pode escoller seguir a gozar de estilos de vida e de niveis de consumo que son insostíbeis. O desenvolvemento sostíbel depende en grandísima medida na cidadanía e na súa decisión de cooperar con políticas de sustentabilidade e de adoptar formas de vivir máis sostíbeis.

Nalgunhas das liñas de acción da Axenda 21 en Redondela, a participación cidadá é un obxectivo en si, porque a creación dunha comunidade forte e sa é un dos piares do desenvolvemento sostíbel. Non obstante, na maioría dos proxectos, o primeiro paso é simplemente xerar unha cultura de colaboración. A continuación descríbense os proxectos nos que o éxito en reducir o impacto ambiental depende máis claramente da participación cidadá.

4.2 Proxectos correspondentes

Liña 4 – Transporte e tráfico

Liña	Transporte e tráfico
Programa	4.1 Fomentar o uso de transporte público
Proxecto	4.1.1 Mellorar a frecuencia e a fiabilidade en rutas interurbanas de autobús
Sector da cidadanía ao que vai dirixido	Todos, e sobre todo aos que viaxan a miúdo a outros centros urbanos para traballaren ou por outros motivos.
Forma de participar	Utilizar autobuses, unha vez que o servizo é máis frecuente e fiábel.
Forma de promoción	Na prensa local, e publicidade directa das empresas de autobuses

Liña	Transporte e tráfico
Programa	4.1 Fomentar o uso de transporte público
Proxecto	4.1.2 Mellorar os servizos de autobús en zonas rurais
Sector da cidadanía ao que vai dirixido	Habitantes das parroquias rurais do concello
Forma de participar	Utilizar autobuses unha vez que o servizo é máis frecuente e fiábel
Forma de promoción	Na prensa local, e publicidade directa das empresas de autobuses

Liña	Transporte e tráfico
Programa	4.1 Fomentar o uso do transporte público
Proxecto	4.1.3 Máis frecuencia de trens que paren en Redondela
Sector da cidadanía ao que vai dirixido	Todos, e sobre todo aos que viaxan a miúdo a outros centros urbanos para traballaren ou para outros motivos
Forma de participar	Utilizar trens, unha vez que o servizo é máis frecuente e fiábel
Forma de promoción	Na prensa local, e publicidade directa de Renfe

Liña	Transporte e tráfico
Programa	4.1 Fomentar o uso de transporte público
Proxecto	4.1.4 Mellorar a integración de horarios e billetes de autobuses e trens con autobuses urbanos en Vigo
Sector da cidadanía ao que vai dirixido	Todos os que viaxan a miúdo a Vigo para traballaren ou por outros motivos
Forma de participar	Utilizar o transporte público unha vez que exista mellor integración de horarios e billetes
Forma de promoción	Na prensa local, e publicidade directa de Vitrasa

Liña	Transporte e tráfico
-------------	-----------------------------



Programa	4.2 Fomentar o uso de transporte limpo
Proxecto	4.2.1 Creación de carrís de bicicleta urbanos e interurbanos
Sector da cidadanía ao que vai dirixido	Todos os que son fisicamente capaces de andar en bicicleta, e sobre todo a xuventude
Forma de participar	Utilizar a bicicleta como medio de transporte
Forma de promoción	Campañas cos institutos, prensa local

Liña	Transporte e tráfico
Programa	4.2 Fomentar o uso de transporte limpo
Proxecto	4.2.2 Instalar estruturas para o aparcamento seguro de bicicletas
Sector da cidadanía ao que vai dirixido	Todos os que son fisicamente capaces de andar en bicicleta, e sobre todo a xuventude
Forma de participar	Utilizar a bicicleta como medio de transporte
Forma de promoción	Campañas cos institutos, prensa local

Liña	Transporte e tráfico
Programa	4.2 Fomentar o uso de transporte limpo
Proxecto	4.2.3 Fomentar compartir coches
Sector da cidadanía ao que vai dirixido	Todos os que habitualmente usen coche particular para facer viaxes interurbanos, e sobre todo aos que fan a mesma viaxe de forma regular (como ao traballo).
Forma de participar	A través da base de datos e a rede de condutores rexistrados, compartir coches
Forma de promoción	Campañas na prensa local e na páxina web do Concello / a Xunta

Liña	Transporte e tráfico
Programa	4.2 Fomentar o uso de transporte limpo
Proxecto	4.2.4 Recuperar e desenvolver a rede de camiños para acceder ao centro urbano a pé
Sector da cidadanía ao que vai dirixido	Todos os que viven nas parroquias máis próximas aos centros urbanos, e que son fisicamente capaces de andar 1-2 km
Forma de participar	Utilizar camiños para baixar á vila a pé
Forma de promoción	Campañas na prensa local e na páxina web do Concello

Liña	Transporte e tráfico
Programa	4.3 Xestión de tráfico urbano
Proxecto	4.3.2 Reducir cantidades de tráfico na praia de Cesantes en verán
Sector da cidadanía ao que vai dirixido	Todos os que visitan a praia de Cesantes en verán
Forma de participar	Utilizando o servizo de autobús, compartindo coches, ou chegando á praia en bicicleta ou a pé
Forma de promoción	Campañas na prensa local e na páxina web do Concello

Liña 5 Xestión de recursos naturais

Liña	Xestión de recursos naturais
Programa	5.1 Xestión de residuos
Proxecto	5.1.1 Adoptar un plan de xestión de residuos
Sector da cidadanía ao que vai dirixido	Toda a cidadanía
Forma de participar	Adoptar actitude de reducir, reutilizar, reciclar, e aplicalo no ámbito doméstico
Forma de promoción	Campañas na prensa local e nos centros educativos

Liña	Xestión de recursos naturais
Programa	5.1 Xestión de residuos
Proxecto	5.1.2 Mellorar instalacións de recollida selectiva
Sector da cidadanía ao que vai dirixido	Toda a cidadanía
Forma de participar	Separar residuos e utilizar contedores de recollida selectiva
Forma de promoción	Campañas na prensa local e nos centros educativos

Liña	Xestión de recursos naturais
Programa	5.1 Xestión de residuos
Proxecto	5.1.3 Compostaxe de residuos orgánicos municipais e algas
Sector da cidadanía ao que vai dirixido	Toda a cidadanía
Forma de participar	Separar a materia orgánica e utilizar unha planta de compostaxe
Forma de promoción	Campañas na prensa local e nos centros educativos

Liña	Xestión de recursos naturais
Programa	5.1 Xestión de residuos
Proxecto	5.1.4 Creación dun punto limpo para a xestión de RCD e residuos domésticos voluminosos e perigosos
Sector da cidadanía ao que vai dirixido	Toda a cidadanía, empresas de construción
Forma de participar	Utilizar un punto limpo para reciclar RCD e residuos voluminosos, e para permitir o tratamento adecuado de residuos perigosos
Forma de promoción	Campañas na prensa local

Liña	Xestión de recursos naturais
Programa	5.1 Xestión de residuos
Proxecto	5.1.5 Campaña de sensibilización
Sector da cidadanía ao que vai dirixido	Toda a cidadanía, consumidores, alumnado dos centros educativos



Forma de participar	Participar en actividades, adoptar a actitude de reducir, reutilizar, reciclar, e aplicalo no ámbito doméstico.
Forma de promoción	Campañas na prensa local, nos centros comerciais e nos centros educativos

Liña	Xestión de recursos naturais
Programa	5.2 Promover a eficiencia enerxética
Proxecto	5.2.2 Mellorar a eficiencia enerxética das empresas existentes
Sector da cidadanía ao que vai dirixido	Empresas privadas do municipio
Forma de participar	Utilizar un servizo de información, levar a cabo auditorías ambientais, pedir subvencións para implantar medidas de mellora da eficiencia enerxética.
Forma de promoción	A través da Asociación de Empresarios e a Cámara de Comercio

Liña	Xestión de recursos naturais
Programa	5.2 Promover a eficiencia enerxética
Proxecto	5.2.3 Fomentar o uso de enerxías renovábeis en edificios públicos e privados
Sector da cidadanía ao que vai dirixido	Propietarios
Forma de participar	Utilizar servizos de axuda, e pedir subvencións para instalar sistemas de enerxías renovábeis
Forma de promoción	Prensa local, a páxina web do Concello

Liña	Xestión de recursos naturais
Programa	5.2 Promover a eficiencia enerxética
Proxecto	5.2.4 Fomentar maior eficiencia doméstica de enerxía
Sector da cidadanía ao que vai dirixido	Propietarios, toda a cidadanía
Forma de participar	Utilizar os servizos de información e asesoría, realizar obras apropiados, adoptar hábitos de uso eficiente da enerxía
Forma de promoción	Prensa local, centros educativos, páxina web do Concello

Liña	Xestión de recursos naturais
Programa	5.3 Augas, saneamento e contaminación
Proxecto	5.3.2 Máis control de infraccións de contaminación e vertidos
Sector da cidadanía ao que vai dirixido	Toda a cidadanía
Forma de participar	Adoptar unha actitude de responsabilidade e de intolerancia cara aos vertidos e a contaminación. Cooperar coa Administración e denunciar as infraccións
Forma de promoción	Publicitar a liña telefónica anónima na prensa local, en carteis e na páxina web do Concello



Liña	Xestión de recursos naturais
Programa	5.4 Biodiversidade e xestión de espazos naturais
Proxecto	5.4.1 Adoptar plans de recuperación e xestión integrada para espazos naturais
Sector da cidadanía ao que vai dirixido	Toda a cidadanía
Forma de participar	Visitar espazos naturais, respectar a súa biodiversidade, valor natural e os proxectos de recuperación, participar en actividades educativas ou prácticas
Forma de promoción	Publicidade na prensa local, en carteis e na páxina web do Concello

Liña	Xestión de recursos naturais
Programa	5.4 Biodiversidade e xestión de espazos naturais
Proxecto	5.4.3 Promover a xestión integrada de monte comunal
Sector da cidadanía ao que vai dirixido	As comunidades de montes
Forma de participar	Participar en seminarios e outra formación, adoptar plans de ordenación, incorporando a conservación de biodiversidade e multifuncionalidade de montes
Forma de promoción	Directa con comunidades e mancomunidades de montes

Liña	Xestión de recursos naturais
Programa	5.4 Biodiversidade e xestión de espazos naturais
Proxecto	5.4.5 Realizar unha campaña municipal para repoboar con especies autóctonas
Sector da cidadanía ao que vai dirixido	Comunidades de montes, propietarios de terreos privados
Forma de participar	Plantando árbores autóctonas
Forma de promoción	Directa coas comunidades de montes Publicidade na prensa local e na páxina web do Concello



Liña 6 Una poboación sensibilizada

Liña	Unha poboación sensibilizada
Programa	6.1 Actividades e formación coas institucións educativas
Proxecto	6.1.1 Educación de sustentabilidade
Sector da cidadanía ao que vai dirixido	Alumnado e profesorado de primaria e secundaria
Forma de participar	Participar en actividades, aplicar á vida cotiá
Forma de promoción	Directa con institutos e colexios

Liña	Unha poboación sensibilizada
Programa	6.1 Actividades e formación coas institucións educativas
Proxecto	6.1.2 Educación de biodiversidade
Sector da cidadanía ao que vai dirixido	Alumnado e profesorado de primaria e secundaria
Forma de participar	Participar en actividades, aplicar á vida cotiá, comunicar coas familias e amigos
Forma de promoción	Directa con institutos e colexios

Liña	Unha poboación sensibilizada
Programa	6.1 Actividades e formación coas institucións educativas
Proxecto	6.1.3 Formación e materiais para profesores
Sector da cidadanía ao que vai dirixido	Profesorado de primaria e secundaria
Forma de participar	Participar en formación, utilizar materiais e actividades na aula
Forma de promoción	Directa con institutos e colexios

Liña	Unha poboación sensibilizada
Programa	6.2 Campañas, materiais e actividades informais
Proxecto	6.2.1 Xornadas ambientais anuais
Sector da cidadanía ao que vai dirixido	Toda a cidadanía
Forma de participar	Asistir a xornadas, participar en actividades
Forma de promoción	Publicidade na prensa local, en carteis e na páxina web do Concello

Liña	Unha poboación sensibilizada
Programa	6.2 Campañas, materiais e actividades informais
Proxecto	6.2.3 Actividades públicas para coñecer o contorno natural
Sector da cidadanía ao que vai dirixido	Toda a cidadanía
Forma de participar	Participar en actividades



Forma de promoción	Publicidade na prensa local, en carteis e na páxina web do Concello
--------------------	---

Liña	Unha poboación sensibilizada
Programa	6.3 Fomento do voluntariado e da educación a través da participación
Proxecto	6.3.1 Voluntarios ambientais
Sector da cidadanía ao que vai dirixido	Toda a cidadanía
Forma de participar	Participar en actividades
Forma de promoción	Publicidade na prensa local, en carteis e na páxina web do Concello

Liña	Unha poboación sensibilizada
Programa	6.3 Fomento do voluntariado e da educación a través da participación
Proxecto	6.3.2 Participación de grupos e asociacións na protección do patrimonio
Sector da cidadanía ao que vai dirixido	Asociacións e outros grupos do municipio, sobre todo grupos tradicionalmente excluídos
Forma de participar	Participar en actividades
Forma de promoción	Contacto directo con grupos

Liña	Unha poboación sensibilizada
Programa	6.3 Fomento do voluntariado e da educación a través da participación
Proxecto	6.3.3 Creación de fondos para iniciativas ambientais locais
Sector da cidadanía ao que vai dirixido	Asociacións e outros grupos do municipio
Forma de participar	Participar e organizar actividades
Forma de promoción	Na prensa local, e na páxina web do Concello



5 UNHA SOCIEDADE MÁIS FORTE A TRAVÉS DUNHA SOCIEDADE MÁIS PARTICIPATIVA

5.1 Xustificación

Un dos fundamentos da Axenda 21 é que non só se observa a sustentabilidade en termos ambientais, senón tamén económicos e socioculturais. Sustentabilidade sociocultural refírese á creación dunha sociedade na cal toda a cidadanía ten a oportunidade de manter unha alta calidade de vida. Para manter unha alta calidade de vida, obviamente fai falta un bo acceso a todos os servizos e facilidades necesarios: vivenda, saúde, emprego, etc., mais tamén é máis.

Na prediagnose saíron dúas opinións fortes. Por unha banda, a maioría da xente opinou que en Redondela “se vive ben”. Un dos aspectos da vida que se valorou moito era o sentido de “pobo” ou de comunidade, que aínda existe: “todos se coñecen”. Hai unha tradición de moita participación, sobre todo no ámbito cultural, e a maioría dos redondeláns séntense moi atados ao seu concello. Ao mesmo tempo, outra conclusión da prediagnose era unha forte preocupación, entre moitos, de que esa fortaleza de participación e de comunidade está a diminuír, e que hai cada vez máis persoas marxinaadas ou que non participen na vida do concello.

Non se considera un obxectivo que todos teñan que facer o mesmo, ou que poida existir unha cultura que serve para todos. Aínda se fose así nalgún momento (algo xa dubidábel), ou se é visto como unha situación ideal, na Redondela do século XXI existe unha diversidade de xente, gustos, crenzas e opinións que fai imposíbel acadar unha soa cultura para todos. De feito, o obxectivo é permitir a diversidade e recoñecela coma fortaleza, e crear unha sociedade na cal todos e todas sexan estimulados e respectados, e na que todos



e todas sintan que teñen un lugar, están incluídos e de feito participan no funcionamento desa sociedade.

Enténdese que a participación nas actividades e na vida do concello, sexa nos costumes tradicionais ou en actividades novas, fomenta este sentido de inclusión, de que aínda que as nosas culturas son diferentes, a nosa sociedade é unha. Polo tanto, fomentar a participación, e buscar novas formas de participar máis relevantes aos diferentes sectores da nova sociedade, dende grupos de mozos ata grupos de inmigrantes, é un obxectivo en si da Axenda 21.

A continuación descríbense só os proxectos que esixen ou fomentan a participación cidadá activa. Non se describen os outros moitos proxectos propostos para mellorar servizos no municipio, aínda que estes tamén teñen unha importancia fundamental no proceso para permitir unha sociedade inclusiva, sa e sostíbel.



4.2 Proxectos correspondentes

Liña 1 Unha Redondela máis democrática e inclusiva

Liña	Unha Redondela máis democrática e inclusiva
Programa	1.2 Un Concello que escoita máis á cidadanía
Proxecto	1.2.1 Crear o “Concello da Mocidade” en colaboración cos institutos
Sector da cidadanía ao que vai dirixido	Alumnos e alumnas de educación secundaria
Forma de participar	Achegando ideas e debatendo temas relacionados con Redondela e o desenvolvemento sostíbel, e presentándolle conclusións e suxestións ao Concello e ao Consello da Axenda 21
Forma de promoción	A través dos institutos

Liña	Unha Redondela máis democrática e inclusiva
Programa	1.2 Un Concello que escoita máis á cidadanía
Proxecto	1.2.2 Continuar o programa de actividades consultivas sobre a Axenda 21
Sector da cidadanía ao que vai dirixido	Todos, e sobre todo aos que tradicionalmente participen menos e aos que se consideren como prioritarios para debater un tema en concreto.
Forma de participar	Achegando ideas e debatendo temas relacionados con Redondela e o desenvolvemento sostíbel en actividades especiais
Forma de promoción	Para actividades abertas, a través da prensa e a publicidade local Para actividades pechadas, por contacto directo co grupo

Liña	Unha Redondela máis democrática e inclusiva
Programa	1.3 Un concello máis participativo
Proxecto	1.3.1 Promover fondos para iniciativas socioculturais locais
Sector da cidadanía ao que vai dirixido	Asociacións e outros grupos locais sen ánimo de lucro
Forma de participar	Organizando proxectos socioculturais
Forma de promoción	Prensa local, carteis, páxina web do Concello, contacto directo coas asociacións

Liña	Unha Redondela máis democrática e inclusiva
Programa	1.3 Un concello máis participativo
Proxecto	1.3.2 Servizo de apoio ás asociacións
Sector da cidadanía ao que vai dirixido	Asociacións e outros grupos locais sen ánimo de lucro
Forma de participar	Utilizar o servizo de apoio ofrecido polo Concello



Forma de promoción	Prensa local, carteis, páxina web do Concello, contacto directo coas asociacións
--------------------	--

Liña	Unha Redondela máis democrática e inclusiva
Programa	1.3 Un concello máis participativo
Proxecto	1.3.3 Capacitación a asociacións e comunidades de montes
Sector da cidadanía ao que vai dirixido	Asociacións e comunidades de montes
Forma de participar	Asistir a actividades de formación e capacitación
Forma de promoción	Prensa local, carteis, páxina web do Concello, contacto directo con asociacións e comunidades de montes

Liña	Unha Redondela máis democrática e inclusiva
Programa	1.4 Un concello para todos e todas
Proxecto	1.4.2 Facilitar acceso a vivendas: promover o aluguer de vivendas
Sector da cidadanía ao que vai dirixido	Propietarios
Forma de participar	Ofrecer propiedades para aluguer en vez de deixalos baleiros Incorporar vivendas na bolsa de vivendas en alugueiro da Consellería de Vivenda e Solo
Forma de promoción	Prensa local, páxina web do Concello

Liña	Unha Redondela máis democrática e inclusiva
Programa	1.4 Un concello para todos e todas
Proxecto	1.4.5 Adoptar unha Política Integral de Accesibilidade Municipal
Sector da cidadanía ao que vai dirixido	Persoas con discapacidades físicas e mentais, grupos de inmigrantes, e outros grupos que tradicionalmente poden atopar barreiras para a súa participación
Forma de participar	A través de consultas no proceso de crear o PIAM
Forma de promoción	Convocados por invitación

Liña	Unha Redondela máis democrática e inclusiva
Programa	1.4 Un concello para todos e todas
Proxecto	1.4.6 Apoiar iniciativas para integrar a persoas discapacitadas na vida sociocultural cotiá do municipio
Sector da cidadanía ao que vai dirixido	Persoas con discapacidades físicas e mentais Organizadores de eventos e actividades
Forma de participar	Tomar en conta as necesidades e barreiras para as persoas con discapacidades á hora de organizar actividades Colaborar con LENDA e outros grupos na organización
Forma de promoción	Contacto directo cos organizadores



Liña 2 Prosperidade para todas e todos

Liña	Prosperidade para todos e todas
Programa	2.5 Formación e Capacitación
Proxecto	2.5.1 Fomentar a creación dunha empresa de inserción
Sector da cidadanía ao que vai dirixido	Persoas en risco de exclusión do mercado de traballo
Forma de participar	Asistir a programas de formación
Forma de promoción	A través de asociacións e outras organizacións que traballan con persoas excluídas Prensa local e a páxina web do Concello

Liña	Prosperidade para todos e todas
Programa	2.5 Formación e capacitación
Proxecto	2.5.2 Crear un polo de recursos para o emprego
Sector da cidadanía ao que vai dirixido	Persoas con dificultades para entrar no mercado de traballo
Forma de participar	Utilizar instalacións e titoría, Asistir a programas de formación
Forma de promoción	A través do INEM e asociacións e outras organizacións que traballan con persoas excluídas Prensa local e a páxina web do Concello

Liña	Prosperidade para todos e todas
Programa	2.5 Formación e capacitación
Proxecto	2.5.4 Reforzar os servizos municipais de atención a persoas dependentes
Sector da cidadanía ao que vai dirixido	Persoas con dificultades para entrar no mercado de traballo debido á necesidade de coidar persoas dependentes
Forma de participar	Utilizar servizos de garderías e axuda a domicilio para poder entrar no mercado laboral
Forma de promoción	A través do INEM Prensa local e a páxina web do Concello

Liña	Prosperidade para todos e todas
Programa	2.6 Promover a igualdade de oportunidades
Proxecto	2.6.1 Adoptar o Plan de igualdade de oportunidades municipal
Sector da cidadanía ao que vai dirixido	Representantes das seccións da poboación tradicionalmente en risco de exclusión do mercado de traballo: mulleres, persoas con discapacidades, inmigrantes
Forma de participar	A través de consultas no proceso de crear o Plan de igualdade de oportunidades
Forma de promoción	Convocados por invitación



Liña	Prosperidade para todos e todas
Programa	2.6 Promover a igualdade de oportunidades
Proxecto	2.6.2 Formación e sensibilización na igualdade de oportunidades
Sector da cidadanía ao que vai dirixido	Todos e sobre todo aos profesionais implicadas e implicados na educación e formación doutras.
Forma de participar	Asistindo a actividades de formación e adaptando o seu comportamento e forma de traballar
Forma de promoción	Para actividades pechadas, por contacto directo

Liña 3 Urbanismo sostíbel

Liña	Urbanismo sostíbel
Programa	3.2 Xestión de urbanismo
Proxecto	3.2.2 Crear mecanismos de seguimento do PXOM e de consulta e comunicación en temas urbanísticos
Sector da cidadanía ao que vai dirixido	Asociacións e grupos de veciños en actividades relacionadas con proxectos de urbanismo (como "Planificando de verdade")
Forma de participar	En actividades consultivas cando xorden
Forma de promoción	A través de publicidade na prensa local e en contacto directo cos grupos de veciños

Liña 5 Xestión de recursos naturais

Liña	Xestión de recursos naturais
Programa	5.4 Biodiversidade e xestión de espazos naturais
Proxecto	5.4.1 Adoptar plans de recuperación e xestión integrada para espazos naturais
Sector da cidadanía ao que vai dirixido	Toda a cidadanía
Forma de participar	Participar en actividades educativas, prácticas e formativas
Forma de promoción	Publicidade na prensa local, en carteis e na páxina web do Concello



Liña 6 Una poboación sensibilizada

Liña	Unha poboación sensibilizada
Programa	6.2 Campañas, materiais e actividades informais
Proxecto	6.2.1 Xornadas ambientais anuais
Sector da cidadanía ao que vai dirixido	Toda a cidadanía
Forma de participar	Asistir a xornadas, participar en actividades
Forma de promoción	Publicidade na prensa local, en carteis e na páxina web do Concello

Liña	Unha poboación sensibilizada
Programa	6.2 Campañas, materiais e actividades informais
Proxecto	6.2.3 Actividades públicas para coñecer o contorno natural
Sector da cidadanía ao que vai dirixido	Toda a cidadanía
Forma de participar	Participar en actividades
Forma de promoción	Publicidade na prensa local, en carteis e na páxina web do Concello

Liña	Unha poboación sensibilizada
Programa	6.3 Fomento do voluntariado e da educación a través da participación
Proxecto	6.3.1 Voluntarios ambientais
Sector da cidadanía ao que vai dirixido	Toda a cidadanía
Forma de participar	Participar en actividades
Forma de promoción	Publicidade na prensa local, en carteis e na páxina web do Concello

Liña	Unha poboación sensibilizada
Programa	6.3 Fomento do voluntariado e da educación a través da participación
Proxecto	6.3.2 Participación de grupos e asociacións na protección do patrimonio
Sector da cidadanía ao que vai dirixido	Asociacións e outros grupos do municipio, sobre todo grupos tradicionalmente excluídos
Forma de participar	Participar en actividades
Forma de promoción	Contacto directo con grupos

Liña	Unha poboación sensibilizada
Programa	6.3 Fomento do voluntariado e da educación a través da participación
Proxecto	6.3.3 Creación de fondos para iniciativas ambientais locais



Sector da cidadanía ao que vai dirixido	Asociacións e outros grupos do municipio
Forma de participar	Participar en actividades
Forma de promoción	Na prensa local e na páxina web do Concello